

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 9 de maio de 2016 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección polo que se modifican as bases reguladoras das axudas aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Mediante a Resolución do 28 de decembro de 2015 (DOG núm. 247, do 29 de decembro) publicáronse as bases reguladoras das axudas aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Tendo en conta as dúbidas formuladas polos solicitantes, así como as xurridas tras a análise das solicitudes presentadas, procede modificar as bases de cara a clarexar, matizar ou adecuar o contido dalgún dos artigos que teñen unha redacción menos clara, así como tamén corrixir algún erro na súa publicación.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 7 de abril de 2016, acordou a modificación das bases reguladoras das axudas aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Por todo o anterior, de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Artigo 1

Modificación da Resolución do 28 de decembro de 2015 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.



Un. O punto terceiro do Resolvo queda redactado do seguinte xeito:

«Terceiro. O prazo de presentación de solicitudes comezará o 4 de xaneiro de 2016 e rematará cando se produza a primeira das seguintes circunstancias:

a) Que, conforme as solicitudes recibidas, se esgote o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 32 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

b) O 30 de decembro de 2016.

Unha vez finalizado o prazo non se admitirán máis solicitudes. Non obstante o anterior, no suposto de existir remanente de crédito cando finalice o prazo, mediante acordo do Consello de Dirección do Igape, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, poderase ampliar o prazo anterior co límite do 31 de marzo de 2017».

Dous. O segundo parágrafo do punto vi) do ordinal 3º da letra a) do artigo 1.1 queda redactado como segue:

«No caso de actividades vinculadas ao turismo, os proxectos subvencionables limitaranse aos de ampliación dun establecemento existente ou cambio substancial do establecemento. Será preceptivo o informe da Axencia Galega de Turismo respecto da catalogación dos proxectos».

Tres. O ordinal 2º da letra b) do artigo 1.1 queda redactado do seguinte xeito:

«2º. Deberá tratarse de investimento para o desenvolvemento das actividades relacionadas no anexo II. Para as actividades vinculadas ao turismo, os proxectos subvencionables limitaranse aos de ampliación dun establecemento existente, salvo que se trate de proxectos de creación dun novo establecemento para actividades de turismo activo, balnearios ou talasos. Neste caso, será preceptivo o informe da Axencia Galega de Turismo respecto da catalogación dos proxectos».

Catro. O punto ii) do ordinal 3º da letra b) do artigo 1.1 queda redactado do seguinte xeito:

«ii) Adquisición de edificacións ou construcións novas, por un importe que non exceda o 10 % do gasto total subvencionable».



Cinco. O ordinal 4º da letra b) do artigo 1.1 pasa a ter a seguinte redacción:

«4º. Nos proxectos relacionados no punto 1º.ii) anterior será subvencionable o custo salarial para o período dun ano. Enténdese por custo salarial o importe composto polo salario bruto, é dicir, antes de impostos, e as cotizacións obrigatorias, como a seguridade social».

Seis. O ordinal 5º da letra b) do artigo 1.1 queda redactado do seguinte xeito:

«5º. O prazo de execución do proxecto será o proposto polo solicitante no plan de investimentos e non poderá ser superior a 12 meses, computado desde a notificación da resolución de concesión. No caso dos proxectos relacionados no punto 1º.ii) anterior, a base subvencionable será exclusivamente os salarios do período de 12 meses, e computarase desde a data establecida para o remate dos investimentos».

Sete. A letra b) do ordinal 1º do artigo 5.2 queda redactada como segue:

«b) Valor engadido: máximo 10 %.

O valor engadido medio xerado pola actividade económica en que se vai encadrar o proxecto (en función da ratio asignable a cada sector de actividade a 2 díxitos), segundo as táboas indicadas no anexo V destas bases. A puntuación vén dada por aplicación da seguinte fórmula: $(\text{valor engadido medio do sector} \times 10) / 63,85$, en que 63,65 é o valor máis alto do valor engadido bruto/ingresos dos distintos sectores de actividade».

Oito. A letra b) do ordinal 2º do artigo 5.2 queda redactada do seguinte xeito:

«b) Creación de emprego: máximo do 20 % no caso de pequenas empresas e do 15 % no caso de medianas empresas.

Puntuación = $\text{postos de traballo que se crearán con carácter indefinido (1) x postos de traballo necesarios para alcanzar puntuación máxima (2) / 10}$.

(1) Postos de traballo que se crearán con carácter indefinido a xornada completa. No caso de postos de traballo a tempo parcial farase a conversión a xornadas completas equivalentes.

(2) Obtense a puntuación máxima cunha proporción de investimento subvencionable igual ou inferior a 225.000 euros por posto de traballo que se vaia crear».



Nove. O ordinal 9º da letra a) do artigo 7.4 pasa a ter a seguinte redacción:

«9º. Declaración responsable do representante legal da empresa de ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude».

Dez. Engádense os ordinais 10º e 11º á letra a) do artigo 7.4:

«10º. Memoria descritiva do investimento proxectado, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude.

11º. Declaración da condición de peme, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude».

Once. O ordinal 13º da letra b) do artigo 7.4 queda redactado do seguinte xeito:

«13º. Declaración responsable do representante legal da empresa de ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude».

Doce. Engádese o ordinal 14º á letra b) do artigo 7.4:

«14º. Se é o caso, certificado de xestión ambiental emitido por entidade acreditada».

Trece. Modifícase a numeración do último parágrafo do artigo 10:

«2. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación».

Catorce. A epígrafe de Documentación que se presenta ou se declara estar en poder da Administración actuante do anexo I, «Solicitude», substitúese pola que se anexa a esta resolución.

Quince. Engádese o punto 4. Custo salarial, no anexo III, «Criterios de módulos de custos subvencionables máximos», que se substitúe polo que se anexa a esta resolución.

Dezaseis. Engádese a epígrafe 84 do IAE - «Servizos prestados ás empresas» no anexo V, «Táboa de porcentaxes de valor engadido bruto medio por sectores», que se substitúe polo que se anexa a esta resolución.



Artigo 2

Esta modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación aos expedientes pendentes de resolución.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2016


Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS DO IGAPE AOS PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IG408A 	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ACTIVIDADE			
<input type="text"/>			
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOTIFICACIÓNS POR VÍA ELECTRÓNICA			
<input type="checkbox"/> Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía electrónica.			
<small>(Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet http://tramita.igape.es, logo de identificación mediante certificado).</small>			
DATOS BANCARIOS			
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.			
TITULAR DA CONTA		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
<input type="text"/>		IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>	
SOLICITUDE PARA			
<input type="checkbox"/> IG227 - Axudas do Igape aos proxectos de investimento en equipo produtivo, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020.			
<input type="checkbox"/> IG228 - Axudas do Igape aos proxectos de investimento xeradores de emprego, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020.			
<small>Estas axudas están cofinanciadas ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, obxectivo temático 3, prioridade de investimento 3.4 e obxectivo específico 3.4.1.</small>			
ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE			
ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PODER DE REPRESENTACIÓN			
PODER Nº	DATA PODER	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:			
<input type="checkbox"/> Que obtivo nos servizos web do Igape (http://tramita.igape.es) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.			
IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS		CÓDIGO DE COMPROBACIÓN	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
<input type="checkbox"/> No caso de presentación da solicitude en soporte papel, que a documentación presentada no expediente en copia simple, constitúe unha reprodución exacta dos seus orixinais.			





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE
a) Proxectos de investimentos en equipos produtivos:

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do DNI do representante legal, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE), só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Declaración do Imposto de sociedades, referido ao último exercicio pechado.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario, de acordo co establecido na letra h) do apartado 2 do Artigo 1 destas bases reguladoras.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Se é o caso, certificado de xestión ambiental emitido por entidade acreditada.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable do representante legal da empresa de ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Memoria descritiva do investimento proxectado, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Declaración da condición de peme, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude.	<input type="checkbox"/>			

b) Proxectos de investimentos xeradores de emprego:

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do DNI do representante legal, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado da AEAT de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE), só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e as súas modificacións posteriores.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.	<input type="checkbox"/>			

No caso de sociedades en constitución:

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado do Rexistro Xeral de Sociedades Mercantís da Dirección Xeral dos Registros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, ou do rexistro competente, de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituir.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Proxecto de estatutos da sociedade.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Declaración do Imposto de sociedades, referido ao último exercicio pechado.	<input type="checkbox"/>			

Acreditación do emprego existente antes da solicitude:

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> TC1 e TC2 dos 3 meses (ou dos 12 meses para os proxectos definidos no punto ii) do apartado 1º da letra b) do Artigo 1 nos que se tome como base os salarios) anteriores á data de presentación da solicitude de axuda de todos os centros de traballo da empresa en Galicia. No caso de actividades que acrediten unha elevada estacionalidade, poderán solicitar que se teña en conta a cifra media de emprego do beneficiario dos 12 meses anteriores á solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado da Tesorería Xeral da Seguridade Social de afiliados adscritos ás contas de cotización da empresa por tipos de contrato, e de todos os centros de traballo da empresa, á data de solicitude da axuda.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario, de acordo co establecido na letra h) do apartado 2 do Artigo 1 destas bases reguladoras.	<input type="checkbox"/>			

Planos:

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Croquis de localización dentro do termo municipal.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Plano xeral acotado das instalacións, diferenciando a situación inicial da posterior ao investimento.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Planos de distribución en planta, nos que se aprecien os espazos da nova construción e a instalación dos novos bens de equipo.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Memoria descritiva do investimento proxectado, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Declaración da condición de peme, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable do representante legal da empresa de ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto, que se deberá cubrir no formulario electrónico de solicitude.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Se é o caso, certificado de xestión ambiental emitido por entidade acreditada.	<input type="checkbox"/>			





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

Autorizo ao Igape, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo ao Igape para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lop@igape.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)





FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNION EUROPEA



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





ANEXO III

CRITERIOS DE MÓDULOS DE CUSTOS SUBVENCIONABLES MÁXIMOS

Axudas do Igape aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

1. Acondicionamento e urbanización de terreos.
 - Acondicionamento e urbanización: 36 €/m² (superficie máxima subvencionable que se acondicionará: 5 veces a superficie construída en planta.)
 2. Obra civil.
 - 2.1. Sectores industriais:
 - Naves: 252 €/m².
 - Oficinas: 303 €/m².
 - Nave con instalacións frigoríficas: 315 €/m².
 - 2.2.- Sector turismo: ampliacións, modernizacións:
 - Edifícios:
 - Hoteis 5 estrelas: 1.003 €/m².
 - Hoteis 4 estrelas: 821 €/m².
 - Hoteis 3 estrelas e inferiores e turismo rural: 730 €/m².
 - Cámping: 438 €/m².
 - Aparcadoiros: se son interiores, situados en edificio, aplícase o módulo nave industrial, e se son aparcadoiros externos, 36 €/m².
 - Instalacións específicas para a actividade subvencionable:

Para o sector turístico considéranse subvencionables os investimentos en mobiliario, decoración, enxoval, televisores, menaxe (só no caso de novo establecemento), etc., suxeitos aos seguintes módulos máximos:

 - Hoteis 5 estrelas: 16.672 €/cuarto.
 - Hoteis 4 estrelas: 11.670 €/cuarto.
 - Hoteis 3 estrelas e inferiores e turismo rural: 8.336 €/cuarto.
 - 2.3. Sector servizos:
 - Edifícios: 730 €/m².
 - Aparcadoiros: se son interiores, situados en edificio, aplícase o módulo nave industrial, e se son aparcadoiros externos aplícase 36 €/m².
 - 2.4. No caso de reforma ou rehabilitación: aplícase o 60 % dos módulos anteriores.
3. Simetría.

Proporcionalidade entre investimento subvencionable infraestrutural (obra civil e adquisición de inmobles), que denominaremos "O" e investimento subvencionable en bens de equipamento, que denominaremos "M".

Para empresas de carácter industrial (manufactureiras) o custo máximo que se subvencionará no conxunto de investimento "O" limitarase ao 1,5 x "M".
4. Custo salarial.

Custo máximo anual medio por traballador (IGE 2014): 30.653,05 €.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



ANEXO V

TÁBOA DE PORCENTAXES DE VALOR ENGADIDO BRUTO MEDIO POR SECTORES
Axudas do Igape aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020

IAE	Descrición	CNAE (orientativo)	VEBcf / ING.
11	Extracción, preparación e aglomeración de combustibles sólidos e coquerías	09	58,11 %
21	Extracción e preparación de minerais metálicos	09	63,85 %
22	Produción e primeira transformación de metais	24	15,85 %
23	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos. Turbeiras	08/09	41,62 %
24	Industrias de produtos minerais non metálicos	23	25,31 %
25	Industria química	20/21	19,03 %
31	Fabricación de produtos metálicos (excepto máquinas e material de transporte)	24/25/28/31/32/33	22,57 %
32	Construción de maquinaria e equipamento mecánico	28/32/33	24,45 %
33	Construción de máquinas de oficina e ordenadores (incluída instalación)	26/28/33	24,67 %
34	Construción de maquinaria e material eléctrico	26/27/33	31,77 %
35	Fabricación de material electrónico (excepto ordenadores)	18/26/59	30,99 %
36	Construción de vehículos automóbiles e as súas pezas de recambio	29/30	12,99 %
38	Construción doutro material de transporte	30/33	40,53 %
39	Fabricación de instrumentos de precisión, óptica e similares	26/32	44,15 %
41	Industrias de produtos alimenticios e bebidas	10	13,10 %
42	Industrias doutros produtos alimenticios, bebidas e tabaco	10/11	22,62 %
43	Industria téxtil	13/14	21,56 %
44	Industria do coiro	15	25,89 %
45	Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtiles	13/14/15	20,07 %
46	Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira	16/30/31/32	19,54 %
47	Industria do papel e fabricación de artigos de papel	17/18	37,51 %
48	Industrias de transformación do caucho e materias plásticas	22	23,03 %
49	Outras industrias manufactureiras	32	27,16 %
62	Recuperación de produtos	38	22,82 %
68	Servizo de hospedaxe	55	48,53 %
69	Reparacións	45/52	24,43 %
75	Actividades anexas aos transportes	52	28,51 %
76	Telecomunicacións	60/61	19,17 %
84	Servizos prestados ás empresas	62/63/71/74/82	52,62 %
96	Servizos recreativos e culturais	59/60	24,39 %

